

BOLETÍN EURES-T NORTE PORTUGAL-GALICIA

A mobilidade laboral, clave no desenvolvemento da eurorrexión

O emprego e a mobilidade de traballadores e empresas supoñen unha das principais variables que condicionan o éxito ou o fracaso da integración e da cohesión territorial, económica e social da Unión Europea.

Por esta razón, tanto a Comisión Europea como outras institucións máis próximas aos cidadáns promoven diversas iniciativas para facilitar ao máximo as relacións laborais nas zonas transfronteirizas.

Actualidade 2

Monográfico 4

Emprego 6

Novidades lexislativas 10

Consultas 10

Cooperación empresarial 12

Neste sentido, a eurorrexión Norte de Portugal-Galicia deu un importante paso á fronte coa constitución da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), unha novidosa estrutura institucional que lle achegará á eurorrexión unha maior autonomía e certa capacidade executiva para o desenvolvemento e aplicación de estratexias e medidas específicas tamén no ámbito laboral.

Precisamente, o último pleno da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, no que se deu carta de nacemento á AECT, apuntaba entre as súas conclusións á necesidade de garantir a protección dos traballadores e o fomento da súa mobilidade. Para cumprir con estes obxectivos, engadía, resulta imprescindible intensificar e coordinar a comunicación no ámbito laboral entre as autoridades e os axentes implicados de Galicia e do Norte de Portugal.

Esta é unha tarefa que asume o Eures transfronteirizo Norte Portugal-Galicia, cuxa actividade, segundo a Comunidade de Traballo, "favorece a mobilidade xeográfica de traballadores e permite coñecer as necesidades do mercado e as ofertas de traballo de ambos os dous lados da fronteira".

Outra das iniciativas postas en marcha a nivel comunitario afecta a un ámbito con ampla presenza na eurorrexión: o dos traballadores desprazados. A Comisión Europea publicou unha recomendación propugnando unha maior cooperación entre as administracións nos casos en que o desprazamento dos traballadores se realice no marco dunha prestación de servizos.

Tamén se aproxima a entrada en vigor da Directiva de servizos, que facilitará o establecemento permanente das empresas e a libre prestación de servizos ao longo de toda a UE. É de esperar que este novo impulso inflúa na mobilidade de traballadores. Polo momento, a aplicación desta directiva dispón xa dun anteproxecto normativo propio en España.

Estas son só algunhas das actuacións comunitarias que afectan ao ámbito laboral na eurorrexión Norte de Portugal-Galicia. No interior deste novo boletín, proporciónase cumprida información tanto sobre estes temas como sobre outros aspectos de interese no mercado do traballo da eurorrexión.

Constituída a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Galicia-Norte de Portugal

O pasado mes de setembro asinou-se o acordo constitutivo por parte das autoridades de Galicia e da rexión Norte de Portugal da AECT Galicia-Norte de Portugal.

A euronrexión abre así unha nova vía institucional de desenvolvemento, na que contará con personalidade xurídica propia, o que lle permitirá comprometer e xestionar proxectos de xeito autónomo. O modelo de cooperación fronteiriza de Galicia e da rexión Norte de Portugal é un dos pioneiros na Unión Europea. De feito, trátase da terceira AECT que se constitúe e a primeira da que forman parte algún territorio ou rexión de España ou Portugal.

A AECT Galicia-Norte de Portugal nace conforme ao Regulamento 1082/2006 da Unión Europea, que lles permite crear estruturas de cooperación con personalidade xurídica propia ás entidades territoriais dos estados membros (a nivel rexional ou local).

Con todo, tanto en España como en Portugal foi necesari-

o emprender un desenvolvemento lexislativo interno e unha solicitude do territorio que pretendese integrar na AECT ao seu correspondente Estado para que autorizase a proposta.

As AECT nacen con capacidade para executar programas e proxectos de cooperación territorial cofinanciados polos Fondos Estructurais da Unión Europea. Así, o Programa operativo de cooperación transfronteiriza considera a posibilidade de que unha AECT asuma funcións propias da autoridade de xestión do devandito programa.

Ademais de xestionar proxectos e programas europeos, estes organismos poderán levar a cabo calquera outra actividade de interese para a euronrexión, independentemente de que esta conte ou non con financiamento europeo. Para iso, as agrupacións disporán de persoal propio, orzamento e infraestruturas para cumprir os seus obxectivos. A AECT Galicia-Norte de Portugal terá a súa sede na cidade de Vigo.

Cara a un mercado único de servizos financeiros polo miúdo

O ditame emitido polo Comité Económico e Social Europeo (CESE) sobre o "Libro verde sobre os servizos financeiros polo miúdo no mercado único" supón un respaldo á proposta de impulsar en Europa un mercado único de servizos financeiros polo miúdo. De cara a avanzar nesta proposta, o CESE aposta por erradicar os obstáculos que limitan as opcións dos cidadáns para aproveitar as vantaxes en canto a custos e calidade da oferta.

O CESE comparte a idea de que a mobilidade dos clientes é un factor determinante no desenvolvemento dos servizos financeiros. Fronte a esta opción, o sector bancario apunta a que os clientes se concentran esencialmente no mercado nacional.

As asociacións de usuarios lamentan, pola súa banda, a nula competencia transfronteiriza debido ás dificultades existentes para cambiar de entidade financeira e á falta de transparencia entre as ofertas, ademais de aludir á escasa confianza cara ás empresas estranxeiras.

Con relación aos obxectivos e ás medidas que deben adoptarse, a Comisión Europea aposta por estimular as condicións que faciliten unha maior mobilidade dos clientes. Con este propósito, puxéronse en marcha novas iniciativas na banca retallista que avalían a posibilidade de facilitar a denominada portabilidade das contas bancarias.

Así mesmo, o CESE apoia a conve-

nienza de investigar aqueles obstáculos que dificultan a mobilidade, como as comisións de cancelación de contas, a escasa transparencia informativa e as estruturas contractuais dos servizos financeiros.

Finalmente, os esforzos destinados a harmonizar o sector dos servizos financeiros enfrontanse a certas medidas adoptadas polas autoridades nacionais, coa vontade de protexer os consumidores. Ante esta situación, o CESE sinala a conveniencia de actuar con cautela na harmonización do sistema de protección dos consumidores, dado que os estados membros da UE non son tan homoxéneos como para xustificar unha actitude excesivamente intervencionista.

Nova web para facer promoción da eurorrexión

O Eixo Atlántico, iniciativa que integra 34 municipios da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, pon en marcha unha nova web que ofrece información, entre outros temas, sobre turismo, actualidade e cultura desta área fronteiriza.

A web (<http://www.eixoatlantico.com>) dispón de guías turísticas e gastronómicas dos municipios que o integran, guías de recursos xuvenís con información sobre este sector da poboación, así como unha biblioteca en liña con revistas e textos para o debate, entre outras utilidades.

Ademais, o portal conta con seccións de noticias e unha hemeroteca que recompila os feitos máis relevantes que se produciron no Eixo Atlántico desde o ano 2007.

A Comisión Europea aposta pola interoperabilidade dos historiais médicos electrónicos

As dificultades que presentan os actuais sistemas europeos de asistencia sanitaria á hora de intercambiar os seus datos entre os estados membros poden ser, en breve, superadas mediante o despregamento de solucións baseadas nas TIC. Trátase dunha medida que lles garantiría aos traballadores transfronteirizos a validez dos seus datos médicos independentemente do país no que se atopen desempeñando a súa actividade. Con este propósito, a Comisión Europea acaba de publicar unha recomendación que fomenta a interoperabilidade dos sistemas de asistencia sanitaria no horizonte de 2015.

Neste documento, convidase aos estados membros a adoptar certas medidas, de cara a avanzar de xeito conxunto nesta proposta. En primeiro lugar, recoméndase a adopción dun compromiso estratéxico que asegure a interoperabilidade dos distintos sistemas nacionais. Ademais, de cara a cumprir co prazo establecido, é necesario acordar unha planificación detallada das accións que se emprenderán.

Por último, en canto ao aspecto técnico, é imprescindible recordar que a compatibilidade dos sistemas de historiais médicos, o requisito inicial desta aposta, esixe a aplicación de determinados medios electrónicos para a súa execución.

Máster de cooperación entre Galicia e Portugal

A Universidade de Vigo presenta na súa oferta de posgraus para o curso 2008/2009 un máster en políticas comunitarias e cooperación transfronteiriza que aborda nos seus contidos o espazo entre Galicia e o Norte de Portugal. Dentro do seu programa analizaranse, entre outros temas, a competitividade, o transporte ou a cohesión entre ambos os dous territorios. Para ampliar esta información pode consultar a web <http://www.masterpoliticacomunitarias.org>

Impulso á identidade electrónica no ámbito transfronteirizo

A Comisión Europea lanzou un proxecto piloto co obxectivo de avanzar no recoñecemento transfronteirizo dos sistemas nacionais de identidade electrónica e facilitar así o acceso aos servizos públicos nos estados membros.

Este proxecto permitirá que os cidadáns, os traballadores e as empresas da Unión Europea demostren a súa identidade e utilicen os sistemas nacionais de identidade electrónica (contrasinais, tarxetas de identidade, códigos PIN e outros) non soamente no seu país, senón tamén en toda a UE. O plan consiste en harmonizar e conectar estes sistemas, sen substituír os xa existentes. O proxecto durará tres anos e será financiado con 10 millóns de euros pola Comisión Europea e cunha cifra idéntica polos socios participantes.

O proxecto establecerá unha serie de accións piloto, baseadas nos actuais sistemas nacionais de 13 estados membros, España e Portugal entre eles. En razón dos resultados destas experiencias previas, impulsárase a aceptación mutua das identidades electrónicas doutros países. As solucións desenvolvidas e a experiencia adquirida polo equipo do proxecto piloto serán compartidas con todos os estados da Unión Europea.

Cooperación territorial europea

A Unión Europea considera a cooperación territorial como unha das ferramentas máis importantes para favorecer a cohesión económica e social, ao mesmo tempo que permite avanzar no proceso de integración europea non só na área económica, senón tamén noutras moitas áreas máis próximas aos cidadáns.

Programas comunitarios para a cooperación territorial entre Portugal e España

O obxectivo de cooperación territorial europea dos Fondos Estruturais pretende intensificar durante o período de programación 2007-2013 a cooperación territorial a través de tres fronteiras de actuación:

- A. **Fronteiriza:** Desenvolvemento de actividades económicas e sociais transfronteirizas. Articúlase a través de 52 programas de cooperación fronteirizos e aglutina 6.400 millóns de euros. Entre eses programas, atópase o Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal, específico para ambos os dous países, con especial relevancia da sección Galicia-Norte de Portugal.
- B. **Transnacional:** Establecemento e desenvolvemento da cooperación transnacional, incluída a cooperación bilateral entre as rexións marítimas. Articúlase a través de 13 programas de cooperación interrexional e conta con 1.830 millóns de euros. Entre estes programas, o Norte de Portugal e Galicia poden participar nos seguintes:
 - Programa operativo área de cooperación atlántica transnacional.
 - Programa operativo do espazo sudoeste europeo.

- C. **Interrexional:** Fortalecemento da eficacia da política rexional mediante a promoción e a cooperación interrexional, a conexión en rede e o intercambio de experiencias entre as autoridades rexionais e locais. Cobre todo o territorio da Unión Europea, Suíza e Noruega, para o que se presupostaron 445 millóns de euros, e articúlase a través do Programa operativo de cooperación interrexional INTERREG IV C, con 321 millóns de euros. Ademais, complementase con outros tres programas que fomentarán a creación de redes e o intercambio de información ao longo da Unión Europea:

- URBACT (<http://urbact.eu>): 53 millóns de euros.
- INTERACT (<http://www.interact-eu.net>): 34 millóns de euros.
- ESPON (<http://www.espon.eu>): 34 millóns de euros.

O presuposto para o obxectivo de cooperación territorial europea é de 8.700 millóns de euros, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para 2007-2013, o que supón o 2,5% do total dos recursos asignados á política de cohesión económica e social.

Programas de cooperación territorial que beneficiarán a eurorrexión Norte de Portugal-Galicia en 2007-2013

Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal

Territorio: O programa divídese en cinco subprogramas, correspondentes a cinco áreas xeográficas: Galicia-Norte de Portugal, Castela e León-Norte de Portugal, Castela e León-Centro de Portugal, Estremadura-Centro-Alentejo e Andalucía-Alentejo-Algarve. Ademais, conta cunha área plurirrexional, que incluírá proxectos dun ámbito territorial superior.

As zonas que poden recibir financiamento na eurorrexión son: Pontevedra, Ourense, Minho-Lima, Cávado e Alto Trás-os-Montes (sector norte). Ademais, como zonas adxacentes, poden recibir de xeito excepcional financiamento: A Coruña, Lugo, Grande Porto, Ave, Tâmega e Douro.

Orzamento: 267,4 millóns de euros. O subprograma Galicia-Norte de Portugal conta con 97,04 millóns de euros, o 27% do total do programa.

Eixes prioritarios:

1. Cooperación e xestión conxunta para o fomento da competitividade e a promoción do emprego.
2. Cooperación e xestión conxunta en medio, patrimonio e ámbito natural.
3. Cooperación e xestión conxunta en accesibilidade e ordenación territorial.
4. Cooperación e xestión conxunta para o fomento da cooperación e a integración económica e social.

Os ámbitos estratéxicos definidos para o subprograma Galicia-Norte de Portugal son os seguintes:

- Cooperación no ámbito marítimo.
- Internacionalización das pemes na eurorrexión (promoción da innovación e da competitividade).
- Protección ambiental e desenvolvemento urbano sostible.
- Fomento da cooperación e da integración social e institucional.

Convocatorias: Poden referirse á totalidade do programa, a eixes prioritarios concretos ou a áreas temáticas dun ou varios eixes prioritarios. Ata o momento, desenvolveuse unha convocatoria de proxectos, que deberán executarse ata 2010. A resolución da convocatoria está prevista para decembro de 2008.

Proxectos: Os proxectos deberán reunir certas características, entre as que destacan o seu carácter transfronteirizo, contar polo menos cun socio a cada lado da fronteira e que o presuposto dos proxectos se sitúe entre os 500.000 e os 2.500.000 euros. A páxina web do programa conta cunha bolsa de proxectos, para permitir a comunicación entre posibles socios que poidan presentar propostas.

Páxina web do programa: <http://poctep.eu>



Programa operativo área de cooperación atlántica transnacional

Territorio: Irlanda e as rexións atlánticas de España, Francia, Portugal e Reino Unido. No caso de España, ademais de Galicia, inclúe as rexións de Asturias, Cantabria, Navarra, País Vasco e as provincias andaluzas de Huelva, Cádiz e Sevilla. No caso de Portugal, ademais da Rexión Norte, inclúe a Rexión Centro, Lisboa e Vale do Tejo, Alentejo e Algarve.

Orzamento: 104,05 millóns de euros.

Eixes prioritarios:

1. Promover redes transnacionais empresariais e de innovación.
2. Protexer, asegurar e valorar de forma sostible o medio mariño e costeiro.
3. Mellorar a accesibilidade e os enlaces internos.
4. Valorar as sinerxias transnacionais en materia de desenvolvemento urbano e rexional sostible.

Convocatorias: O número de convocatorias anuais será flexible, dependendo da evolución do programa. Ata o momento, desenvólvese unha única convocatoria de proxectos, finalizada o pasado mes de xuño.

Proxectos: Baixo este programa poderán financiarse tres tipos de proxectos:

1. Proxectos particulares. Proxectos territoriais tradicionais de cooperación que impliquen polo menos a dous socios e que aborden un dos obxectivos das prioridades do programa.
2. Agrupacións temáticas do proxecto: Un grupo de proxectos complementarios que traballen no mesmo tema sobre unha base xeográfica equilibrada e en estreita coordinación para abordar cuestións similares.

3. Marcos estratéxicos: Proxectos máis complexos que poden implicar un pequeno número de subproxectos.

A páxina web do programa conta cunha bolsa de proxectos, para permitir a comunicación entre posibles socios que poidan presentar propostas.

Páxina web do programa: <http://atlanticarea.inescporto.pt>



Programa operativo do espazo sudoeste europeo (PO SUDOE)

Territorio: Todo o territorio español, coa excepción das Illas Canarias, a totalidade do espazo continental portugués, as seis rexións do sudoeste de Francia: Poitou-Charentes, Aquitaine, Midi-Pyrénées, Limousin, Auvergne e Languedoc-Roussillon e Xibraltar.

Orzamento: 99,41 millóns de euros.

Eixes prioritarios:

1. Promoción da innovación e constitución de redes estables de cooperación en materia tecnolóxica.
2. Mellora da sustentabilidade para a protección e a conservación do medio e o ámbito natural do SUDOE.
3. Integración harmoniosa do espazo SUDOE e mellora da accesibilidade ás redes de información.
4. Impulso do desenvolvemento urbano sostible aproveitando os efectos positivos da cooperación transnacional.

Convocatorias: Ata o momento desenvólvese unha convocatoria de proxectos, finalizada no mes de xullo.

Proxectos: O espazo SUDOE cofinanciará proxectos de cooperación transnacional estruturantes, é dicir, que presenten unha maior dimensión transnacional e con realizacións e resultados concretos de impacto no conxunto do territorio; proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación, redes de excelencia, accesibilidade e ordenación territorial, planificación ambiental conxunta ou xestión dos recursos.

A páxina web do programa conta cunha bolsa de proxectos para permitir a comunicación entre posibles socios que poidan presentar propostas.

Páxina web do programa: <http://interreg-sudoe.eu>



Programa operativo de cooperación interrexional INTERREG IV C

Territorio: Todo o territorio da Unión Europea, Suíza e Noruega

Orzamento: 321 millóns de euros.

Eixes prioritarios:

1. Innovación e economía do coñecemento.
2. Medio ambiente e prevención do risco.

Convocatorias: Está aberta a segunda convocatoria de propostas, ata o 30 de xaneiro de 2009.

Proxectos: INTERREG IV C financiará dous tipos de proxectos:

- Proxectos de iniciativa rexional centrados no intercambio de experiencias, identificación, análise e difusión de boas prácticas.
- Capitalización, incluíndo proxectos *Fast Track* (exclusivamente transferencia de boas prácticas de desenvolvemento rexional en programas principais de Fondos Estruturais)

A páxina web do programa conta cunha bolsa de proxectos, para permitir a comunicación entre posibles socios que poidan presentar propostas.

Páxina web do programa: <http://interreg4c.eu>

Emprego

No segundo trimestre de 2008, a poboación activa na eurorrexión ascendeu a 3.303.200 persoas, o que supón un incremento de 11.400 respecto ao ano anterior. Mentres en

Galicia aumentou a poboación en 17.300 persoas, desde decembro de 2007 ata xuño de 2008, na rexión Norte de Portugal diminuíu en 5.900 persoas.

Poboación activa (en miles)			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008/I	1.298,3	728,4	569,9
2008/II	1.309,9	726,4	583,5

Fonte: IGE

Poboación activa (en miles)			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008/I	1.983,8	1.065,6	918,2
2008/II	1.993,3	1.062,9	930,5

Fonte: INE Portugal

A taxa de actividade en Galicia tamén se incrementou respecto ao ano anterior, pasando do 53,8% no primeiro trimestre de 2007 ao 54,9% no segundo trimestre deste ano.

En Portugal, aínda que a taxa de actividade é maior que en Galicia, mantén a mesma tendencia ascendente, pasando do 62,8% do primeiro trimestre de 2007 ao 63,1% no segundo trimestre de 2008.

Taxa de actividade			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008/I	54,4	63,9	45,7
2008/II	54,9	63,7	46,8

Fonte: IGE

Taxa de actividade			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008/I	62,9	70,6	55,8
2008/II	63,1	70,3	56,5

Fonte: INE Portugal

A taxa de paro en Galicia alcanzou no primeiro semestre de 2008 o 8,3%, incrementando notablemente o valor máis baixo rexistrado durante o pasado ano, que foi do 6,7% no terceiro trimestre.

Un dato salientable é o incremento da taxa de paro feminino en Galicia. Pese a que nos primeiros nove meses de 2007 pasara do 12,3% ao 7,9%, no segundo semestre de 2008, acadou o 10,7%.

Pola contra, no Norte de Portugal a taxa de paro vai descendendo, ao pasar do 9,4% do primeiro semestre de 2007 ao 8,2% deste ano. Tamén cabe sinalar o importante descenso do paro feminino, pasando do 12,3% no primeiro trimestre de 2007 ao 9,4% do segundo trimestre de 2008, aínda que segue a rexistrar niveis superiores ao masculino.

Taxa de paro			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008/I	8,3	7,4	9,5
2008/II	8,3	6,4	10,7

Fonte: IGE

Taxa de paro			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008/I	8,6	7,5	9,9
2008/II	8,2	7,2	9,4

Fonte: INE Portugal

Oferta e demanda de emprego

A continuación, analízase a oferta de emprego das empresas da eurorrexión nos primeiros seis meses do ano 2008.

Ocupacións con maior demanda no Norte de Portugal

No primeiro semestre de 2008, as ocupacións máis solicitadas polas empresas do Norte de Portugal foron as seguintes: operarios industriais, persoal de servizos, protección e seguridade e traballadores cualificados ou non do sector da construción. Aínda que se pode observar un descenso na demanda en todos os sectores con respecto ao período anterior, a rama máis afectada é a dos operarios industriais, reducíndose dos 813 postos ofertados no mes de xaneiro aos 345 postos de xuño.

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Operarios industriais	813	624	458	417	365	345
Persoal de servizos, protección e seguridade	383	369	404	457	407	395
Peóns industriais, construción e minaría	429	260	247	380	287	305
Traballadores cualificados da construción e minaría	313	320	286	268	208	222
Empregados tipo administrativo	308	361	218	244	228	282
Traballadores non cualificados de servizos e comercio	277	237	206	281	215	272
Traballadores cualificados industria	211	201	190	237	156	197
Condutores e operadores de maquinaria móbil	187	191	167	266	155	171
Dependentes e vendedores	172	112	233	167	172	178
Técnicos e profesionais nivel intermedio	141	119	67	109	98	98
Titulados medios universitarios	89	82	99	78	73	76
Licenciados universitarios	90	84	57	64	58	75

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego

Ocupacións con maior demanda en Galicia

En Galicia, como no Norte de Portugal, nos seis primeiros meses do ano podemos constatar unha desaceleración económica, que se reflicte de maneira clara na diminución da oferta de emprego.

Con todo, as ocupacións máis demandadas seguen a ser a de persoal de servizos de restauración, empregos vinculados á construción, operarios industriais e peóns agrícolas.

Tamén cabe salientar, como no Norte de Portugal, o notable descenso na demanda de operarios industriais, que pasa dos 1.308 postos ofertados no mes de xaneiro aos 65 postos ofertados no mes de xuño.

Outro dato destacable é a importante demanda de técnicos e profesionais de nivel intermedio, que acada no mes de xuño os 488 postos.

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Traballadores servizos restauración	388	349	232	*	463	547
Peóns agrícolas	290	464	182	216	538	803
Traballadores construción	531	586	*	479	667	871
Técnicos e profesionais nivel intermedio	559	366	185	234	253	488
Empregados tipo administrativo	381	169	107	328	196	253
Dependentes e vendedores	126	86	57	86	225	109
Traballadores cualificados da agricultura	31	82	34	62	57	145
Condutores e operadores de maquinaria móbil	186	133	92	117	108	228
Operarios industriais	1.308	798	360	749	358	65
Traballadores cualificados industria	229	325	181	110	73	104
Titulados medios universitarios	66	65	45	80	75	137
Traballadores non cualificados de servizos	180	172	108	169	281	495
Licenciados universitarios	128	84	57	108	85	150
Traballadores servizos, protección e seguridade	9	4	14	6	134	1.047

*Sen datos no momento de elaboración deste boletín.

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo


Da análise das ocupacións máis demandadas na eurorrexión pódese observar que os dous territorios manteñen unha mesma evolución na oferta de emprego.

Como tendencia xeral, obsérvase unha menor demanda das ocupacións, derivada dunha crise económica que repercute en todos os sectores de actividade da eurorrexión e que afecta máis fortemente a ocupación dos operarios industriais.

Tamén se pode comprobar que aumenta a demanda para aquelas ocupacións que requiren unha menor cualificación, tanto en Galicia como no Norte de Portugal, e é menor, polo tanto, a demanda de titulados universitarios.


Os titulados medios e superiores presentan unha demanda moi similar nos dous territorios da eurorrexión.

Ocupacións máis demandadas Norte de Portugal xuño 2008



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Servizo Público de Emprego

Ocupacións máis demandadas Galicia xuño 2008



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo

Ofertas de emprego por sector produtivo no Norte de Portugal

Na rexión Norte de Portugal, as áreas de traballo que lideraron a oferta de emprego durante os primeiros seis meses do ano pertencen ao sector secundario, especialmente a industria manufacturera, seguida do comercio e reparacións e, en menor medida, da construción e a hostalaría. No entanto, obsérvase

unha forte desaceleración en todos estes sectores, acadando en xuño valores por debaixo dos obtidos a comezos de 2008. Así, o sector inmobiliario, o que sofre a maior redución de postos de traballo, pasaría de ofertar 573 postos a principios de ano aos 55 de xuño.

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Industria manufacturera	1.265	1.006	754	856	693	671
Construción	410	370	380	378	298	290
Comercio e reparacións	453	368	479	394	355	412
Actividades inmobiliarias	573	579	324	517	69	55
Hostalaría	289	268	335	371	326	286
Administración pública, educación, sanidade e servizos sociais	93	103	77	104	90	101
Transporte, almacenaxe e actividades de comunicación	70	61	34	58	42	39
Agricultura, gandaría e pesca	25	31	27	25	33	23
Electricidade, gas, auga e saneamento e residuos	8	12	11	17	9	14
Intermediación financeira	12	4	6	5	5	4
Outras actividades de servizos	158	113	158	196	158	161
Industria extractiva	12	5	3	3	7	3

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Servizo Público de Emprego

Ofertas de emprego por sector produtivo en Galicia


En Galicia, a oferta de emprego nos primeiros seis meses do ano 2008, tal e como acontecera nos últimos meses do ano anterior, estivo liderada pola oferta procedente do sector público.

A continuación sitúase a industria manufactureira, a construción, as actividades inmobiliarias e os sectores de comercio e reparacións.

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Administración pública, educación, sanidade e servizos sociais	509	657	248	5.533	855	2.684
Hostalaría	284	278	160	192	279	325
Construción	665	611	414	577	666	777
Industria manufactureira	1.586	1.232	2.244	879	499	183
Actividades inmobiliarias	565	266	146	302	364	351
Comercio e reparacións	425	324	228	331	368	271
Agricultura, gandería e pesca	96	71	66	75	56	138
Transportes, almacenaxe e comunicacións	89	61	28	133	51	74
Intermediación financeira	63	78	12	9	19	23
Industria extractiva	12	7	2	2	3	23
Outras actividades sociais	157	126	134	182	373	599
Persoal doméstico	28	7	11	19	20	12

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo

Sectores produtivos con maior oferta laboral Norte de Portugal - xuño 2008




Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego

Na eurorrexión, a oferta de emprego concéntrase na industria manufactureira, no comercio e nas reparacións e na construción, seguido das actividades inmobiliarias e da hostalaría, a pesar da forte desaceleración que están a vivir estes sectores nos últimos meses.

No Norte de Portugal, destaca por riba de todo a oferta da industria manufactureira, mentres que en Galicia se sufriu

Sectores produtivos con maior oferta laboral Galicia - xuño 2008



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo

unha forte caída, pasando de ofertar 1.586 postos de emprego en xaneiro a 183 no mes de xuño.

No Norte de Portugal, o sector que sofre o maior descenso é o inmobiliario, que pasa dos 573 postos ofertados no mes de xaneiro aos 55 de xuño.

En Galicia, volve a liderar a oferta o sector público, como xa acontecera no semestre anterior.

Novidades legislativas

Transposición da Directiva de servizos

España presentou un anteproxecto de lei para adaptar a normativa da Directiva de servizos ao seu ordenamento xurídico interno. Esta nova lei regulará a libre prestación de servizos dos operadores establecidos en España ou en calquera outro dos estados membros da Unión Europea. O texto fórmase como unha oportunidade para dotar o sector servizos dun marco regulatorio máis eficiente, aberto e transparente, que impulse a súa competitividade, dado que representan máis do 66% do PIB español e máis do 66% do emprego total. A transposición da Directiva de servizos suporá a redución das trabas á liberdade de establecemento e á libre prestación de servizos, a simplificación de trámites e procedementos a través de recursos como as ventás únicas ou a posibilidade de realizar tramitacións vía electrónica. Tamén contribuirá a reforzar os dereitos de consumidores e usuarios dos servizos.

España optou por traspoñer a directiva a través dunha lei paraugas ou lei horizontal, que afectará todas as disposicións normativas en vigor e as que eventualmente se elaboren no futuro.

A nivel estatal está previsto elaborar unha lei ómnibus que reúna todas as modificacións da normativa sectorial estatal con rango de lei e as posteriores modificacións regulamentarias.

A nivel das comunidades autónomas e da Administración local, tamén deberán adaptar o seu marco xurídico á nova normativa. Con este obxectivo, estase a analizar exhaustivamente o seu nivel de afectación e incompatibilidade.

O primeiro texto dispoñible remitiuse ao Consello de Ministros, para que este o faga chegar aos órganos consultivos, entre os que está o Consello Económico e Social.

Para máis información sobre a devandita iniciativa legislativa, pode consultar a páxina web do Ministerio de Economía e Facenda: <http://meh.es>

Novo rexistro para as empresas que operen no sector da construción

A nova normativa en materia de subcontratación no sector da construción obriga as empresas a inscribirse nun rexistro público de natureza administrativa. Así, desde o mes de agosto, todas aquelas empresas que pretendan ser contratadas ou subcontratadas para traballos de construción, en todos os ámbitos, incluídos o de aplicación da lexislación de contratos do sector público, deberán contar coa acreditación pertinente.

En Galicia, o rexistro está adscrito á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e é obrigatorio para as empresas con domicilio social na comunidade, pero tamén para aquelas que, sen establecemento permanente, despracen traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional, conforme á Lei 45/1999, do 29 de novembro. Polo tanto, as empresas portuguesas que operen en Galicia deberán inscribirse no devandito rexistro, sempre e cando vaian prestar un servizo por un período superior a oito días.

O rexistro será único e válido para todo o territorio nacional. Por iso, as empresas deberán rexistrarse en Galicia se se trata da primeira prestación de servizos deste tipo en España. A inscrición no rexistro terá unha validez de tres anos, prorrogables por períodos iguais.

A Lei 32/2006 do 18 de outubro, desenvolvida a través do Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, pretende garantir a participación de

empresas máis profesionalizadas nas cadeas de contratación e subcontratación, cunha estrutura e uns medios axeitados, marxinando así aquelas que son improdutivas desde o punto de vista económico e, sobre todo, prexudiciais para a seguridade e a saúde dos traballadores.

Para iso, establece, entre outras medidas, a necesidade de figurar no mencionado rexistro, o que obriga, á súa vez, as empresas contratantes a comprobar se a empresa que pretenden contratar está inscrita.

Se a empresa comitente obtén a certificación relativa á inscrición no rexistro dunha empresa subcontratista, entenderase que cumpriu co devandito deber de vixilancia e quedará, ademais, exonerada da responsabilidade solidaria respecto das obrigas laborais e de Seguridade Social derivadas da execución do contrato acordado.

A certificación deberaa solicitar o comitente dentro do mes anterior ao comezo da execución do contrato. A autoridade competente deberá emitila no prazo máximo de dez días naturais desde a recepción da solicitude e terá efectos con independencia da posterior situación de rexistro da empresa afectada.

Para realizar calquera xestión, tanto polas empresas que pretendan inscribirse, modificar a inscrición ou renova-la como polas empresas que necesiten unha certificación dunha terceira empresa, deberase empregar a páxina web da Xunta de Galicia. Para iso, é necesario contar cun certificado dixital ou, no caso de non o ter, poderase actuar a través dun representante legal.

A Consellería de Traballo pon á disposición das empresas información práctica sobre o rexistro así como as súas utilidades a través da seguinte web: <http://traballo.xunta.es/REA>

Consultas

Tributación de traballadores fronteirizos

Cuestión: Unha empresa galega contratou persoal para o seu centro de traballo na bisbarra de Santiago de Compostela. Os traballadores son portugueses e viven en Portugal. Viaxarán cada día desde o seu domicilio ao seu centro de traballo en Galicia aínda que, en ocasións, regresen a Portugal só ao final da semana (venres ao mediodía). Onde deberán tributar os traballadores polas rendas do traballo obtidas? Deberá a empresa practicar algunha retención sobre as devanditas rendas, como é preceptivo para os traballadores residentes fiscalmente en España?

Resposta: Os traballadores portugueses poden ser considerados como fronteirizos, conforme o establecido no Convenio entre o reino de España e a república portuguesa para evitar a dobre imposición e previr a evasión fiscal en materia de impostos sobre a renda. En consecuencia só deberán tributar polas rendas do traballo en Portugal. Non entanto, para que esto aconteza, o traballador portugués ten que entregar á empresa un documento chamado "certificado de residencia fiscal", expedido pola administración de facenda do seu país. A empresa española non deberá practicar retención ningunha, sen

prexuízo de que teña a obriga de presentar a declaración pertinente que contempla o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes (LIRNR).

No caso de que os traballadores portugueses non tivesen a consideración de fronteirizos (se non retornan diariamente a Portugal), estarían obrigados a tributar en España. O tipo de gravame xeral é o 24% e a empresa contratante debería practicar as retencións correspondentes, cuxo importe coincidiría co da débeda tributaria. Tanto a obriga de tributar como a retención que se practicará están reguladas na LIRNR.

Consultas

Prestación de servizos en España por parte dunha empresa portuguesa

Cuestión: Unha empresa española que está a realizar unha instalación de telecomunicacións contrata unha empresa portuguesa para a execución dunha parte dela. Debe esta última constituír unha empresa en España ou establecerse en España para prestar o devandito servizo?

Resposta: A pregunta foi formulada en relación ás obrigas fiscais da empresa portuguesa en España.

A empresa portuguesa non necesita contar cun establecemento permanente (EP) en España para a prestación de servizos. Para os efectos do Imposto sobre a Renda de non Residentes (IRNR), cando se entende que un non residente actúa en España mediante establecemento permanente?

Enténdese que unha persoa opera mediante EP no territorio español cando, a través de calquera título, dispoña neste, de forma continuada ou habitual, de instalacións ou lugares de traballo de calquera índole, nos que realice toda ou parte da súa actividade, ou actúe nel por medio dun axente autorizado para contratar, en nome e por conta do

non residente, que exerza con frecuencia os devanditos poderes.

En particular, enténdese que constitúen EP: as sedes de dirección, as sucursais, as oficinas, as fábricas, os talleres, os almacéns, as tendas ou outros establecementos, as minas, os pozos de petróleo ou de gas, as canteiras, as explotacións agrícolas, forestais ou pecuarias ou calquera outro lugar de explotación ou de extracción de recursos naturais, e as obras de construción, instalación ou montaxe cunha duración que exceda de 6 meses.

Segundo o Convenio entre o reino de España e a república portuguesa para evitar a dobre imposición e previr a evasión fiscal en materia de impostos sobre a renda e Protocolo, asinado en Madrid o 26 de outubro de 1993 e publicado no Boletín Oficial do Estado do 7 de novembro de 1995, a expresión establecemento permanente representa un lugar fixo de negocios mediante o cal unha empresa realiza toda ou parte da súa actividade e unha obra de construción, instalación ou montaxe só constitúe establecemento permanente se a súa duración excede de doce meses (art. 5).

Segundo este mesmo convenio, os beneficios dunha empresa portuguesa soamente poden someterse a imposición en Portugal, a non ser que a empresa realice a súa actividade en España por medio dun establecemento permanente situado no seu territorio. Neste último caso, os beneficios da empresa portuguesa poden someterse a imposición en España, pero só na medida en que poidan atribuírse a ese establecemento permanente (art. 7).

Polo tanto, dependendo do tempo que dure a instalación, entenderase que a empresa conta con establecemento permanente en España ou non.

A empresa portuguesa sen establecemento permanente en España, como é este caso, non tería necesidade de facer declaración censual, nin de contar cun NIF español nin cun representante legal en España.

En calquera caso, e para unha información máis exacta, recoméndase consultar a Axencia Tributaria, segundo o procedemento recollido nos artigos 88 e 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. <http://petete.minhac.es/tributos/consuvin/ayuda.htm>

Tarxeta sanitaria europea

Cuestión: Un traballador español desprázase a Portugal para manter contactos profesionais con diferentes clientes. Ao segundo día de estar neste país, encóntrase indisposto e desexa acudir ao médico, mais non conta coa tarxeta sanitaria europea. Podería solicitala desde Portugal?

Resposta: Se o traballador necesita asistencia médica, no caso de situacións graves que así o requiran, pode recorrer ao centro de saúde local ou aos servizos de urxencia dos hospitais. Para ser atendido polos servizos sanitarios de Portugal, deberá presentar o seu DNI e a tarxeta sanitaria europea. Pero, no caso de non dispoñer desta, recibirá igualmente a atención necesaria, aínda que podería ter que adiantar o pagamento da asistencia.

No caso de urxencia, expediríase un certificado provisional substitutorio. Este documento equivale á tarxeta sanitaria europea e dálle os mesmos dereitos de asistencia médica e reembolso dos gastos asociados durante a estada temporal noutro país membro.

O certificado debe ser solicitado a través da páxina web do Instituto Nacional da Seguridade Social (<http://www.seg-social.es>), pero para iso o solicitante debe dispoñer dun certificado dixital.

No caso de non contar con este tipo de certificado, poderíase solicitar por fax á oficina territorial do Instituto Nacional da Seguridade Social correspondente a expedición e o envío da tarxeta sanitaria europea ao domicilio ou ao enderezo que se indique. Para iso, debería achegar copia do DNI. As autoridades españolas poderían remitir a tarxeta ao domicilio sinalado (pode ser o enderezo do hospital) e adiantar, se for necesario, por fax ou por correo electrónico, un certificado.

En calquera caso, recoméndaselles aos empresarios ou aos traballadores que viaxen, aínda que sexa de xeito puntual, a Portugal ou a calquera outro país da Unión Europea que soliciten a tarxeta sanitaria europea de xeito presencial en calquera dos Centros de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS) do Instituto Nacional da Seguridade Social. A tarxeta será expedida no momento da solicitude. Para iso, só necesitarán presentar o seu DNI.

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

Rúa do Vilar, 54
15705 Santiago de Compostela
Tel.: + 34 981 555 888
Fax: + 34 981 555 882
E-mail: euoinfo@ceg.es
<http://www.ceg.es>

EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia

Ed. Ex-Alfândega. Av. de Espanha
4930 - 677 Valença. Portugal
Tel.: + 351 251 826 105
Fax: + 351 251 826 104
<http://www.eures-norteportugal-galicia.org>

Cooperación empresarial

A Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea puxo a disposición da Enterprise Europe Network unha ferramenta telemática especialmente deseñada para identificar e localizar empresas interesadas en establecer acordos de cooperación: a *Business Cooperation Database*.

A continuación, preséntanse algúns perfís de cooperación ofertados ou demandados por empresas portuguesas ou galegas. Pódese solicitar información complementaria no Servizo de Información Europea da Confederación de Empresarios de Galicia (euoinfo@ceg.es).

Portugal

Ref. 08/029/EC

Empresa dedicada á produción de pezas metálicas, estruturas, mantemento industrial, reparacións mecánicas e distribución de gas industrial ofrécese como intermediaria comercial e busca cooperación empresarial para transferencia de tecnoloxía e produción.

Ref. 09/030/EC

Empresa especializada na produción de compoñentes para estufas domésticas e industriais e outros produtos de aceiro busca socios comerciais: axente, representante ou distribuidor.

Ref. 08/031/EC

Empresa fabricante de licores e outras bebidas alcohólicas busca intermedia-

rios comerciais e ofrécese para subcontratación.

Ref. 08/044/EC

Empresa que prové asistencia técnica como centro autorizado de Samsung (pantallas, LCD, teléfonos, plasmas, impresoras, telefax, ordenadores portátiles...) ofrécese para subcontratación e para actuar como intermediaria en Portugal para produtos ligados ás tecnoloxías (venta ou asistencia técnica). Tamén se ofrece para *joint-venture* e venda ou adquisición da empresa ou parte dela.

Ref. 08/084/EC

Empresa dedicada á ensamblaxe de compoñentes electromecánicos busca acordos para subcontratación e/ou *joint-venture*.

Galicia

Ref. 08/001/NEC

Empresa de conservas de alimentos busca distribuidor ou representante para vender os seus produtos no Norte de Portugal, especialmente castañas e grelos en lata ou conxelados.

Ref. 08/002/NEC

Empresa fabricante e comercializadora de sistemas de pesaxe industrial busca distribuidores do sector agrícola-gandeiro para comercializar no territorio europeo os seguintes produtos: máquinas de muxir, equipos pulverizadores, *mixers*, depósitos de frío para leite, revestimento plástico para muros e salas de alimentación ou equipamento para plantas de transformación de leite.

Ref. 08/003/NEC

Empresa de servizos de enxeñaría e ambientais ofrécese para cooperación técnica, produtiva e comercial en Galicia/España.

Ref. 08/004/NEC

Empresa, distribuidora de produtos químicos, ofrécese para cooperación comercial: axente ou representante para distribución de produtos do sector químico en xeral.

Ref. 08/005/NEC

Empresa adicada ao comercio por xunto busca clientes almacenistas interna-

cionais para a venda de peixe e marisco galego.

Ref. 08/008/NEC

Empresa especializada no deseño e na fabricación de transmisores de televisión analóxica e dixital busca cooperación comercial: distribuidores en Europa e América Latina.

Ref. 08/009/NEC

Empresa especializada na fabricación e no deseño de invernadoiros e complementos para a agricultura busca cooperación comercial: representante e/ou distribuidor.

Ref. 08/011/NEC

Empresa especializada na fabricación de produtos de cerámica busca cooperación comercial: representante ou distribuidor (tendas de decoración, xoias etc.).

Ref. 08/012/NEC

Empresa especializada na elaboración de produtos alimentarios precociñados de calidade busca distribuidores. Así mesmo, pretende manter unha relación estreita con este socio comercial para poder ofertarlle produtos personalizados para posibles nichos de mercado que requiran destes produtos específicos.

Os contidos e información incluídos neste boletín non vinculan a Confederación de Empresarios de Galicia, pois trátase dun servizo ofrecido con carácter informativo e divulgativo.

Queda prohibida a reprodución total ou parcial dos contidos do presente boletín sen a autorización da Confederación de Empresarios de Galicia.

Depósito Legal: C-4398-2007

ISSN: 1888-3664